

A Serra do Argallo é unha serra ubicada principalmente nos municipios de Tomiño, Baiona e O Rosal. É coñecida pola súa paisaxe montañosa, a súas vistas do val do río Miño e pola Pedra Furada, unha formación rochosa popular entre os fotógrafos. A serra exténdese dende a Pedra da Gata en Baiona ata o Niño do Corvo en O Rosal, e está separada da Serra da Groba polos ríos Groba e Tamuxe.

Comezamos a nosa andaina en Figueiró, onde o mais salientable é o Santuario de San Campio de Lonxe.

O Santuario de San Campio de Lonxe, tamén coñecido como San Campio do Monte, foi construído en 1804, sobre unha antiga capela dedicada a San Antonio de Padua. Entre 1871 e 1874 foi obxecto de obras de reforma. Xa no século XX, en 1974 e 1993, recibiu as últimas modificacións. Os seus elementos máis interesantes son a fachada, as torres (con balaustrada, campanario e estilizado remate) e o cruceiro situado no exterior. Xa no interior fixéremonos de modo especial no altar e a imaxe de San Campio, unha talla realizada no século XVII. O santuario dispón de catro altares laterais e varias capelas. Na "penitencial" e na de "as ceras e as ofrendas" veremos tallas de distintos autores. O santo Campio foi un soldado romano que, debido a súa condición de cristián, sufriu martirio no ano 306 d.C., indo o seu corpo a descansar ao cemiterio de San Calixto (Catacumbas) de Roma. Di a tradición que a súa esposa Arquelaida e os seus fillos correron a mesma sorte ao confesar a súa fe. En virtude de a súa antiga ocupación, San Campio é o protector dos mozos que ingresan no exército. Os soldados acoden ao santuario e ofrecen ao santo a súa garabata, coa esperanza de ser protexidos dos perigos que poidan correr.

O apelativo "de Lonxe" débese a que os fieis acoden a este santuario recorrendo grandes distancias a pé. Ademais, en relación a outros lugares onde se venera a este santo, o Santuario de San Campio é un lugar bastante afastado e remoto.

Os romeros atribúen ao santo facultades curativas en enfermidades de todo tipo, tanto do corpo coma do espírito. En función do mal que se sofra, colocaráse no altar do santo unha figura de cera determinada:

cabeza, pé, man, peito, etc. Outra das moitas tradicións do lugar establece que o romero ofrezca ao santo o seu peso en cereais ou sal, operación para a que se dispón dunha antiga balanza romana.

Despois continuaremos o noso percorrido ata chegar aos muiños da Gandariña. Un importante conxunto etnográfico que se encontra ao lado do coñecido Regato da Fábrica. Aquí consérvanse 6 muiños utilizados para moler gran e podemos chegar a eles a través desta bonita ruta de senderismo. Os muiños da Gandariña, situados a carón do regato da Fábrica, están localizados na parroquia de Estás, no concello de Tomiño, ó sur da provincia de Pontevedra.

O regato da Fábrica nace na vertente da serra do Argallo, termo municipal de Tomiño e baixa polas ladeiras dos montes na parroquia de Estás ata desembocar no río Miño. Neste percorrido están os muiños obxecto deste traballo coas súas canles e levadas que constitúen un patrimonio histórico, arquitectónico e cultural de moito interese, rodeado dun entorno natural de grande riqueza forestal e agrícola.

Estes muiños como o conxunto de oito muiños, situados no Monte veciñal de Tomiño, na parte baixa de o Río dos Bravos, muiños da Regueira, son exemplos de muiños movidos pola auga e que datan da Idade Media. Nestes muiños facíase xirar sobre un eixe central un bloque de pedra cilíndrico sobre outro que facía de base introducindo o gran entre os bloques para moelo polo rozamento das pedras. Nestes muiños o auga subministraba a forza necesaria para mover a moa.

Nalgúns lugares aínda se emprega o muiño de man, procedente dos muiños de auga, que utilizan un mecanismo similar pero impulsado manualmente.

A substitución da forza humana polas fontes de enerxía naturais prodúcese en Galicia entre os séculos XI e XII, momento no que comezan a aparecer numerosas construcións de muiños por todo o territorio galego. Concretamente na zona de Tomiño o seu manexo debía estar xeneralizado no século XII utilizando como materiais para a súa construción a pedra, a madeira e o ferro.

Coa introducción dos muiños eléctricos os de auga sofren un abandono xeral salvo algunhas excepcións nos que continúan funcionando.

Seguiremos ata un bonito sitio onde comeremos nunha area recreativa onde ademais poderemos encher as nosas cantimploras de auga potable.

E para rematar Pedra Furada. Nos montes de Figueiró (Tomiño), entre pinos e carballos, encóntrase unhas singulares formacións pétreas entre as que destaca a popularmente coñecida coma "**Pedra Furada**". Desfrutaremos de agradabels vistas, nun entorno natural e das impresionantes "catedrais" esculpidas na rocha máis abundante desta zona: o esquisto.

O noso itinerario encóntrase dentro do que se denomina "**banda esquistosa Monteferro- O Rosal**", un espazo onde predominan os solos de esquisto. Esta rocha metamórfica, que sole presentar cores ocres a nosa vista, forma un entorno moi diferente a paisaxe granítica que acostumamos a observar noutros lugares.

Un pouco mais adiante un frecha señala o área do miradoiro situado a uns 200 metros de altura. Si escollemos esta opción, percorrendo un pequeno sendeiro franqueado por novas formacións de esquisto, chegaremos a un panel que nos desvela os principais fitos da paisaxe ante os nosos ollos: ao fondo a portuguesa Serra da Argá e, en primeiro plano, o Miño.

Fixándonos nas dúas beiras do río, na parte galega temos as **aldeas tomiñesas de Figueiró e Goián**, ademais da rosaleira de Tabagón; mentras que na ribeira do país veciño están as freguesías de Vilanova de Cerveira, Cimadevila e Gondarém (**Vilanova de Cerveira**) así coma Lanhelas, Vilar de Mouros e Seixas (**Caminha**).

Tamén dende este punto localizaremos as antenas do cercano Niño do Corvo, un impresionante mirador de 360 grados que nos regala unha estupenda panorámica do estuario do Miño e súa desembocadura.

Este conxunto xeolóxico chama a atención pola súa singularidade, pero tamén pola paz que se respira na zona, un espazo onde reinan os pinos xunto a unha vistosa cuberta de breixos, toxos e outros pequenos arbustos.



PRÓXIMA RUTA:
Fin de semana en
Castro Caldelas
24 e 25 de Maio



DATOS BÁSICOS

COMEZO: Figueiró

REMATE: Figueiró

DISTANCIA LINEAL: 15 km aprox.

DURACIÓN APROXIMADA: 5 horas

DIFICULTADE: Media

ALTITUDE MÁXIMA: 249 m

ALTITUDE MÍNIMA: 17 m

DESNIVEL POSITIVO: 422 m

DESNIVEL NEGATIVO: 422 m



618 617 799



carroucho@carroucho.org



www.carroucho.org

**SERRA DO ARGALLO,
PEDRA FURADA**

10-05-2025